

“Listaxe de recoñecemento para avaliar a calidade das contornas escolares do teu concello”

Desde a iniciativa [“Contornas escolares seguras e saudables”](#) desenvolvemos 11 indicadores para que os municipios, as asociacións, os centros escolares ou calquera organismo interesado poidan realizar autoavaliacións sobre o estado das contornas escolares e o fomento da mobilidade activa, sostible e autónoma das nenas, nenos e adolescentes nos seus municipios.

Estes 11 indicadores, vinculados ás propostas da iniciativa *“Contornas escolares seguras e saudables”*, deseñáronse para que cada municipio ou organismo/axente interesado faga unha avaliación inicial e periódica (cada 2 anos), co fin de coñecer inicialmente en que estado se atopan as contornas escolares avaliadas e seguidamente poder ver o progreso ao longo do tempo. Así pode ir tomando conciencia dos aspectos que fai falta mellorar para chegar á situación “ideal”. Cómpre destacar que estes indicadores son unha simplificación, e que se poderían utilizar moitos máis, pero cremos que son abondos e máis factibles de aplicar, e permiten ter unha idea da situación en cada municipio e tamén concienciar da necesidade de tomar medidas concretas, así como ofrecer ferramentas para que leven a cabo os cambios necesarios (ver a sección *“Que máis podes facer?”* na web da iniciativa).

COMO FUNCIONA?

Participar é moi doado; o obxectivo é que os municipios, os centros escolares ou as asociacións (ANPA, ONG...) poidan realizar a autoavaliación a partir de indicadores relativamente doados de obter e de rexistrar. O mecanismo de participación é diferente para os concellos e para os centros escolares ou asociacións. Polo de agora estamos en fase de deseño e teste da ferramenta, así que agradecemos a vosa participación e as vosas achegas e comentarios. Animádesvos a participar?

SE ES UN CONCELLO

Os concellos interesados en participar encherán [o formulario](#) preparado para tal fin, no que indicarán os datos de contacto, a poboación total do concello, o número de alumnos/as por franxa de idade no momento de contestar a enquisa, así como o número total de centros escolares por etapa educativa e os datos das escolas e institutos (en formato Excel: nome da escola ou instituto, coordenadas, número de alumnos/as totais, se ten primaria, secundaria ou ambos os dous). Estes datos son útiles á hora de ter unha idea das características dos concellos participantes e realizar estatísticas. Así mesmo, os concellos indicarán o nivel de cumprimento para cada indicador (todas son variables continuas agás o indicador nº 10). Dous anos despois da primeira autoavaliación, contactarase cos concellos para que volvan realizala, e así sucesivamente nos seguintes anos.

Importante: unha vez cuberto o formulario, agradecemos que envíe un correo electrónico a mireia.gascon@isglobal.org para informar de que este se cubri

SE NON ES UN CONCELLO

As asociacións ou centros interesados en participar encherán [o formulario](#) preparado para tal fin, no que indicarán os datos de contacto, así como información adicional, se se dispón dela, que é útil á hora de ter unha idea das características do concello ou da contorna escolar. Así mesmo, indicarse o nivel de cumprimento para cada indicador (todas son variables continuas agás o indicador nº 10). Propoñemos que a autoavaliación sexa cada dous anos para ir valorando se hai melloras nas contornas escolares. Importante: algúns indicadores están pensados para que se rexistren a escala municipal; nese caso, á hora de rexistrar, indique “Non aplica”.

Importante: unha vez cuberto o formulario, agradecemos que envíe un correo electrónico a mireia.gascon@isglobal.org para informar de que este se cubriu.

OS 11 INDICADORES DA INICIATIVA “Contornas escolares Seguras e Saudables”

www.entornoscolares.es

Proposta da iniciativa “Contornas escolares seguras e saudables” asociada ao indicador	Nº do indicador	Descrición do indicador	Exemplos de como rexistar a informació do indicador
1. Substituír as zonas de aparcamento que se atopan dentro do recinto escolar por áreas de lecer e xogo.	1	Porcentaxe de centros escolares sen aparcadoiro de coches dentro do recinto escolar.	<i>Do total de recintos escolares, un 80% non ten aparcadoiro de coches ou motos dentro do recinto escolar.</i>
2. Reservar en todos os recintos educativos, ou nos seus arredores, un espazo seguro para o aparcamento de bicicletas, patíns e patinetes para incentivar a mobilidade activa ao centro.	2	Porcentaxe de centros escolares con aparcadoiro seguro para bicicletas, patíns e patinetes.	<i>Do total de recintos educativos, un 20% ten aparcadoiro seguro para bicicletas, patíns e patinetes.</i>
3. Revexetar os patios escolares con árbores e plantas que proporcionen sombra, frescor e cor a estes espazos, melloren a calidade do aire e amortezan o ruído.	3	Porcentaxe de centros escolares que teñen hortos escolares, cubertas verdes, xardín, xardín vertical, teitos verdes, etc. (calquera aplica).	<i>Do total de recintos educativos, un 45% ten horto escolar, cubertas verdes ou xardín, xardín vertical, teitos verdes, etc.</i>

4. Limitar o aparcamento e o tráfico nas rúas da contorna e, moi especialmente, nos arredores das entradas aos centros.	4	Porcentaxe de centros escolares con medidas na súa contorna de calmado de tráfico motorizado para reducir a velocidade (máximo 20 km/h) e o número de vehículos.	<i>Do total de recintos educativos, un 80% ten medidas claras para o calmado de tráfico (ex. velocidade máxima 20 km/h)</i>
	5	Porcentaxe de centros escolares que teñen limitado o aparcamento de coches ou motos preto da entrada.	<i>Do total de recintos educativos, un 60% limita o aparcamento (só se permite a carga e descarga de provedores).</i>
5. Vixiar e facer cumprir estritamente a normativa viaria á entrada e saída de estudantes para que a contorna escolar sexa un espazo seguro e de convivencia.	6	Dado que non hai incidentes e se respectan as normas, porcentaxe de contornas escolares que NON necesitan presenza policial para xestionar a entrada e saída.	<i>Só nun centro escolar dos 15 existentes (6.7%) se precisa de presenza policial.</i>
6. Priorizar a mobilidade peonil e ciclista no viario da contorna escolar, creando corredores de acceso libres de coches, fomentando a presenza de vexetación e auga, e promovendo zonas de lecer, encontro e xogo no espazo público.	7	Porcentaxe de centros escolares cun proxecto de camiño escolar en funcionamento. O proxecto de camiño escolar debe seguir os <u>estándares marcados pola DGT</u> seguros, sostibles, saudables, con autonomía).	<i>Do total de centros escolares, o 40% ten en funcionamento o proxecto de camiños escolares seguindo os criterios establecidos pola DGT.</i>
	8	Do total de km de rúas nun raio de 1000 m ao redor de cada centro escolar, indicar a porcentaxe de km de carrís bici segregados (sen coches) que permiten o uso autónomo por parte da infancia e adolescencia.	<i>Do total de km de rúas nun radio de 1000 m ao redor dos centros escolares, hai un 5% km de carrís bici segregados.</i>

Indicador non asociado a unha proposta concreta da iniciativa	9	Porcentaxe de centros escolares que participan en programas educativos de promoción do uso cotián da bicicleta e seguridade viaria (<u>ver referencia</u>).	<i>O 60% dos estudantes de 4º de primaria participan no programa educativo (especificar o programa).</i>
Indicador non asociado a unha proposta concreta da iniciativa	10	O municipio ten limitada, por ordenanza municipal, a velocidade máxima a 30 km/h de forma xeneralizada en todo o municipio (non soamente o que establece a nova normativa da DGT) e faise cumprir a normativa mediante control de velocidade	<i>Si, agás nas vías de dobre carril.</i>
Indicador non asociado a unha proposta concreta da iniciativa	11	Porcentaxe de estudantes de primaria e secundaria do concello que van de maneira autónoma (sen o acompañamento dunha persoa adulta) ao centro escolar, camiñando, en patinete ou en bicicleta.	<i>O 60% do estudiantado vai só ao centro escolar.</i>

EXEMPLOS QUE INCLÚEN ESTAS MEDIDAS SON

- a peonalización de rúas lindeiras ao redor do recinto escolar,
- a presenza de beirarrúas que cumpran a normativa de accesibilidade,
- a sinalización amigable coa infancia e colocación doutros elementos urbanos que melloran a “camiñabilidade” e o uso como espazo de lecer.
- Por exemplo, existen pasos de peóns en todos os cruzamentos, hai sinalización de limitación de velocidade, as sinalizacións son automáticas (é dicir, non é necesario pulsar para activalas, coma no caso dos semáforos) e deseñadas e construídas para ser visibles á altura da infancia e adolescencia e adaptada á infancia e adolescencia con calquera tipo de discapacidade auditiva, visual ou cognitiva (e.x. non hai contedores que afecten á visibilidade e á seguridade nos pasos de peóns). Así mesmo, tamén hai máis criterios establecidos pola "[National Association of City Transportation Officials](#)" (NATCO).

DEFINICIONES

- **Contornas escolares:** este concepto indica a relación dos centros escolares co seu barrio e co concello. Inclúe as condicións urbanísticas do espazo que rodea o centro (beirarrúas, cruzamentos, mobiliario, vexetación, etc.); as condicións de seguridade (densidade e velocidade do tráfico, vitalidade urbana, actividades próximas e redes veciñais, etc.); así como a accesibilidade e as condicións das vías de acceso para chegar ao colexio (infraestrutura peonil e ciclista, redes de transporte público, etc.).
- **Aparcadoiro seguro para bicicletas, patíns, etc.:** un aparcadoiro seguro é aquel que garante a salvagarda e o bo estado dos vehículos, tanto porque a súa localización e condicións evitan a subtracción ou o vandalismo, así como a súa protección fronte ás condicións climáticas, especialmente en zonas de moita choiva. Un bo aparcadoiro escolar ten que ser moi accesible (preto da entrada e con ramplas se hai que salvar desniveis), se é posible no interior do centro e nun lugar controlado. [No Manual do IDAE](#) especificanse os criterios para os aparcadoiros de bicicleta: seguridade, polivalencia, accesibilidade, localización, estabilidade, comodidade, protección climática, custo e mantemento ([ver exemplo](#)).
- **Promoción da seguridade viaria e sostible:** crear condicións para que nenas e nenos vivan nunha contorna onde se cumpran as normas de seguridade viaria e os modos activos son favorecidos e respectados na xerarquía urbana para que elas e eles poidan moverse con liberdade e seguridade.